

Índices de valor unitario para o comercio exterior. Referencia 2005.


Marzo 2011

NOTA DE PRENSA

En marzo de 2011 os prezos dos bens exportados aumentaron en termos interanuais un 13,2% e os dos bens importados un 8,9%

Segundo os datos da operación "Índices de valor unitario para o comercio exterior", elaborada polo Instituto Galego de Estatística, os prezos dos bens exportados na Comunidade Autónoma de Galicia aumentaron un 13,2% en marzo de 2011 con respecto ao mesmo mes do ano anterior. Para os bens importados, os prezos aumentaron un 8,9%.

No que vai de ano (ata marzo), os prezos dos bens exportados medraron un 8,8% e os dos bens importados un 12%.



FONTE: IGE. Índices de valor unitario para o comercio exterior

Clasificación por destino económico dos bens

Atendendo á clasificación por destino económico, a variación interanual dos prezos das exportacións de bens de consumo foi do 16%. Os prezos dos bens intermedios aumentaron un 7,1% e o dos bens de equipo un 3,9%.

Nas importacións, os prezos dos bens intermedios medraron un 10,2%, os dos bens de equipo un 4,4% e os dos bens de consumo un 2,1%.

Índices de valor unitario para o comercio exterior. Marzo 2011

Índice xeral e clasificación por destino económico dos bens

| EXPORTACIÓNS | Variación sobre igual período ano anterior (%) | | IMPORTACIÓNS | Variación sobre igual período ano anterior (%) | |
|---------------------|--|-------------------|---------------------|--|-------------------|
| | No mes | No que vai de ano | | No mes | No que vai de ano |
| ÍNDICE XERAL | 13,2 | 8,8 | ÍNDICE XERAL | 8,9 | 12,0 |
| Bens de consumo | 16,0 | 15,0 | Bens de consumo | 2,1 | 8,0 |
| Bens de equipo | 3,9 | 10,2 | Bens de equipo | 4,4 | 3,0 |
| Bens intermedios | 7,1 | 0,9 | Bens intermedios | 10,2 | 13,1 |

FONTE: IGE. Índices de valor unitario para o comercio exterior

NOTA: datos provisionais

Clasificación por orixe/destino xeográfico

Por destino xeográfico das exportacións de bens, produciuse un incremento interanual do 18% para os países pertencentes á Unión Económica e Monetaria, do 14,7% para a UE-25 e do 13% para a OCDE. Para os países non pertencentes á OCDE o incremento foi do 11,7%.

Por orixe dos bens importados, os prezos dos bens procedentes de países pertencentes á OCDE aumentaron un 7% e os procedentes do resto de países un 12,7%.

Índices de valor unitario para o comercio exterior. Marzo 2011

Clasificación por orixe/destino xeográfico

| EXPORTACIÓNS | Variación sobre igual período ano anterior (%) | | IMPORTACIÓNS | Variación sobre igual período ano anterior (%) | |
|-----------------|--|-------------------|-----------------|--|-------------------|
| | No mes | No que vai de ano | | No mes | No que vai de ano |
| UEM | 18,0 | 11,9 | UEM | 6,4 | 6,5 |
| UE-25 | 14,7 | 9,3 | UE-25 | 1,7 | 1,5 |
| OCDE | 13,0 | 8,3 | OCDE | 7,0 | 7,2 |
| Resto de países | 11,7 | 11,8 | Resto de países | 12,7 | 22,2 |

FONTE: IGE. Índices de valor unitario para o comercio exterior

NOTA: datos provisionais; UEM: Unión Económica e Monetaria

Información detallada:

http://www.ige.eu/web/mostrar_actividade_estadistica.jsp?idioma=gl&codigo=0307004002

Pódese consultar a metodoloxía da estatística en:

http://www.ige.eu/estatico/pdfs/s3/metodoloxias/met_ivus_ref_2005_ga.pdf

Para máis información:

Instituto Galego de Estatística

Complexo Administrativo San Lázaro s/n
15703 Santiago de Compostela (A Coruña)

Contacto: <http://www.ige.eu/web/peticioninfo.jsp>

Teléfono de información: 981.54.15.89 (de 9:00 a 14:00 horas)

FAX: 981.54.13.23

Notas de prensa en : <http://www.ige.eu>